

INFORMACIÓN RELATIVA AO PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNOS/AS PARA O CURSO 2022-2023

- **NORMATIVA REGULADORA:**

- Decreto 13/2022 do 3 de febreiro (DOG do 11 de febreiro de 2022).
- Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG do 15 de marzo de 2013).
- Orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG do 1 de febreiro de 2017).
- Orde do 18 de decembro de 2020 (DOG do 22 de decembro de 2020)

- **OFERTA DE POSTOS ESCOLARES:**

| <i>Educación infantil</i> | <i>N.E.E. (necesidades educativas especiais)</i> |
|---------------------------|--|
| 3 ANOS 22 vacantes | 3 vacantes |
| 4 ANOS16 vacantes | |
| 5 ANOS9 vacantes | |

| <i>Educación primaria</i> | <i>N.E.E. (necesidades educativas especiais)</i> |
|----------------------------------|--|
| PRIMEIRO CURSO 7 vacantes | 3 vacantes |
| SEGUNDO CURSO 6 vacantes | |
| TERCEIRO CURSO 12 vacantes | |
| CUARTO CURSO 7 vacantes | |
| QUINTO CURSO 8 vacantes | |
| SEXTO CURSO 2 vacantes | |

- **ÁREA DE INFLUENCIA:**

O CEIP Piñeiros ten como zona de influencia a **zona 3**.

Delimitación: Limita ao sudeste coa autoestrada A-9, sube cara ao norte pola rúa Areosa, pola rúa García Morato ata o enlace coa rúa Noriega Varela e continúa ata o lugar de Anse de e, seguindo o límite parroquial, chega pola rúa Río Baxoi ata o mar.

- **CENTRO AO QUE ESTÁ ADSCRITO:**

Aos efectos de continuidade dos estudos de educación secundaria, o CEIP Piñeiros está adscrito ao **CPI O Feal**.

- **SERVIZOS COMPLEMENTARIOS QUE OFRECE O CENTRO:**

Servizo de madrugadores, dende as 7:30 horas ata as 9:00 horas.

Posible implantación do Servizo de atención o alumnado ás 14:00 horas (sen comedor).

O CEIP Piñeiros non dispón de comedor nin de transporte escolar.

As actividades extraescolares determinaranse nos meses de setembro/outubro pola ANPA "As Aceas".

- **PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE ADMISIÓN:**

A solicitude de admisión realizarase no **modelo ED550B-anexo II** e a comprobación dos membros da unidade familiar no **anexo II bis**. As persoas solicitantes poderán cubrir os formularios na aplicación "*admisionalumnado*" e presentalos por vía electrónica, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, sempre que se dispoña de certificado dixital ou de Chave365. O anexo II-bis, unha vez cuberto, deberán imprimilo, asinalo e axuntalo coa solicitude (anexo II). Tamén poden descargar os formularios da aplicación "*admisionalumnado*", da sede electrónica da Xunta de Galicia (dirección <http://www.xunta.es/portada>) ou da páxina web da Consellería de Educación (dirección <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/32849>) para cubrilos manualmente e presentalos de forma presencial. Os formularios estarán dispoñibles o 1 de marzo de 2022. Os formularios tamén serán facilitados gratuitamente nos correspondentes centros docentes. Cada solicitante presentará unha única solicitude no centro que se indica en primeiro lugar. Nela poderán relacionarse ata 6 centros, por orde de preferencia. **O impreso deberá entregarse debidamente cuberto e asinado por calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillas/os comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia. Nos demais casos requírese a sinatura dos dous titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a un deles con carácter exclusivo, ou en situacións de violencia de xénero. De constatare no expediente a separación ou divorcio dos proxenitores coa patria potestade compartida e a existencia dunha soa sinatura na solicitude, deberase requirir ao proxenitor que a presentou que subsane a deficiencia ou, se é o caso, xustifique o motivo da omisión por calquera medio de proba admitido en dereito.**

Importante: O anexo II bis deberá vir asinado por cada un dos membros da unidade familiar.

O prazo para a presentación de solicitudes abrangue dente o **1 de marzo ata o 21 de marzo (ambos os dous inclusive)** acompañadas, para o alumnado que se escolarice por primeira vez, da fotocopia cotexada do libro de familia onde estea inscrito o neno ou nena ou ben do seu DNI.

- **PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS DE BAREMACIÓN ALEGADOS (só en caso de baremo):**

Nos cursos nos que exista máis demanda que oferta de postos escolares, os pais, nais ou titores legais do alumnado afectado presentarán no centro, no prazo **do 24 de marzo ao 6 de abril (ambos os dous inclusive)**, a documentación xustificativa dos méritos por eles alegados para a aplicación dos criterios de admisión do alumnado.



A presentación desta documentación ten carácter voluntario. A falta de presentación desta documentación impedirá valorar o criterio ou criterios a efectos de determinar a puntuación correspondente.

- **DATA DE PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DO ALUMNADO ADMITIDO E OS PRAZOS PARA A PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓN E RECURSOS:**

Á vista das solicitudes presentadas, e unha vez determinada a puntuación resultante de aplicar os criterios de baremo, se é o caso, o centro publicará nun taboleiro de anuncios no interior do centro a relación nominal de todo o alumnado admitido e non admitido por curso, por orde da puntuación total obtida.

As persoas interesadas no procedemento de admisión poderán consultar as listaxes provisionais coa puntuación desglosada dos criterios de baremo na secretaría do centro.

Estas **LISTAXES PROVISIONAIS** de admitidos e non admitidos publicaranse **antes do 25 de abril**.

RECLAMACIÓN: ante o Consello Escolar no prazo de 5 días hábiles, a partir da súa publicación. A resolución da reclamación publicarase e notificarase ás persoas interesadas no prazo de 5 días seguintes á súa presentación.

PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DEFINITIVAS: Unha vez resoltas as reclamacións presentadas, publicaranse as listaxes definitivas de alumnado admitido e non admitido, ordenadas por puntuación, no taboleiro de anuncios do centro, **antes do 15 de maio**.

- **IMPUGNACIÓN DAS LISTAXES DEFINITIVAS DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS: RECURSOS DE ALZADA OU RECLAMACIÓN:**

No caso de centros públicos, contra a relación definitiva de admitidos e non admitidos, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da xefatura territorial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación e notificación.

- **PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA:**

O prazo para formalizar a matrícula do alumnado de educación infantil e primaria é **do 20 ao 30 de xuño**.

Se finalizado o prazo de matrícula, non se formalizase esta, teráselle por decaído no dereito á praza obtida.

- **OBSERVACIÓNS IMPORTANTES:**

- Cada solicitante presentará unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar e dirixida á dirección do centro. No caso de presentar máis dunha solicitude no mesmo centro ou en centros diferentes, o solicitante perderá os dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

- Cada solicitude poderá conter unha relación de ata 6 centros, por orde de preferencia.
- Non é posible modificar os centros relacionados nin a súa orde de prelación. A corrección de erros materiais nos datos do formulario poderá realizarse mediante comparecencia ou escrito dirixido ao centro educativo solicitado en primeiro lugar.
- O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
- A solicitude presentada nun centro educativo poderá anularse mediante a presentación dunha nova indicando expresamente por escrito que quedan sen efecto a/as presentada/s con anterioridade. A renuncia á solicitude rexistrada nun centro só se admitirá ata o último día do prazo de presentación de solicitudes.

Perda do dereito de prioridade:

- Cando se presente a solicitude de admisión fóra do prazo.
- Cando se presente máis dunha solicitude no mesmo centro ou en centros diferentes.
- Cando se inclúa na solicitude ou ben na documentación achegada para acreditar requisitos e criterios, datos que non se axusten ás circunstancias reais da alumna ou alumno.

A persoa titular da xefatura territorial notificará esta incidencia á persoa interesada, concedéndolle un prazo de 5 días hábiles para que formule alegacións, achegue documentos ou xustificacións que estime procedentes.

Á vista das alegacións formuladas ou transcurrido o prazo indicado sen que se presentasen, a persoa titular da xefatura territorial resolverá o procedemento no prazo de 5 días hábiles, declarando, se é o caso, a perda do dereito de prioridade que puidese corresponderlle. Así mesmo, adoptará as medidas necesarias para asegurar a escolarización do alumnado afectado nun centro sostido con fondos públicos que dispoña de prazas vacantes.